



Quintá - A Grade (San Vicente) - Chantada, 1978

Informante: Concha Casal Eiriz “Concha do Casal”

Compilador: Miguel López Coira

Autores da recolla: Miguel López Coira e Xosé Figueroa

Transcrición: Paula González e Isabel Vigo

Naceu o Neno Xesús
xunto ó portal de Belén
os da parroquia de Agrade
todos o queremos ver.

*Deixádeme pasar
que quero ver o Neno
que din que é o sol
da terra e do ceo,
pastores por Dios.*

Serradores da fronteira
que formades tan bon coro
poñede a punto a madeira
pra facerlle ao Neno un rolo.

*Deixádeme pasar
que quero ver o Neno
que din que é o sol
da terra e do ceo,
pastores por Dios.*

A madeira que serredes
de pino non pode ser
que o pau que serredes hoxe
mañá ten que froulecer.

*Deixádeme pasar
que quero ver o Neno
que din que é o sol
da terra e do ceo,
pastores por Dios.*

Nin pode ser de sanguíño
nin de buxo nin salgueiro
rapaciñas que escoitades
cortade un avellaneiro.



*Deixádeme pasar
que quero ver o Neno
que din que é o sol
da terra e do ceo,
pastores por Dios.*

Cortade un avellaneiro
(...)